

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 24 DE SETEMBRO DE 2009

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e catro de setembro de dous mil nove, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista:

D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D. José Eduardo Zapata Roel
D.^a Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

D. Manuel Parga Fernández
D. Antón Sánchez García

Non asisten:

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (VB)

Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz
A secretaria accidental: D.^a Aurelia M.^a Basanta García

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓN DOS DÍAS 30 DE XULLO E 20 DE AGOSTO DE 2009.

2.- ALLEAMENTO MEDIANTE CESIÓN GRATUITA DOS EDIFICIOS DESTINADOS A CENTROS DE SAÚDE, UBICADOS NAS PARROQUIAS DE BERGONDO E GUÍSAMO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

3.- ASUNTOS URXENTES

4.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 30 DE XULLO E 20 DE AGOSTO DE 2009.

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes ás sesións plenarias dos días 30 de xullo e 20 de agosto de 2009. A Sra. alcaldesa pregunta se algún integrante da Corporación ten que formular algunha observación ás ditas actas; non se formulan, polo que se aproban por unanimidade.

2.- ALLEAMENTO MEDIANTE CESIÓN GRATUITA DOS EDIFICIOS DESTINADOS A CENTROS DE SAÚDE, UBICADOS NAS PARROQUIAS DE BERGONDO E GUÍSAMO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Con data 24 de marzo de 2009 asinouse o Convenio entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde e o Concello de Bergondo sobre a asunción dos custos de mantemento dos Centros de Saúde de Bergondo e Guísamo.

Constitúe o obxecto do citado Convenio, segundo o disposto na cláusula Primeira de mesmo, “establecer as bases de cooperación entre o Concello de Bergondo e o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) para a cesión da propiedade do centro de saúde de Bergondo e o consultorio de Guísamo, dos que é titular dito Concello, ao Servizo Galego de Saúde e, para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos do mantemento dos mesmos”.

*De acordo co exposto, e tendo en conta a documentación que obra no expediente e que se da cumprimento o establecido nos artigos 109 e 110 do regulamento de bens das Entidades Locais, **propoño** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

Primeiro.- Aprobar o Convenio entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde e o Concello de Bergondo sobre a asunción dos custos de mantemento dos Centros de Saúde de Bergondo e Guísamo.

Segundo.- Determinación do carácter de bens patrimoniais dos citados Centros de Saúde e proceder a inscrición da súa cualificación xurídica no Inventario de Bens, debendo emitirse certificación pola Secretaria do mesmo unha vez se realice este trámite.

Terceiro.- Iniciar o expediente de cesión dos Centros de Saúde ó Servizo Galego de Saúde.

Cuarto.- Comprometerse o concello a regular nas ordenanzas fiscais a exención a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do imposto sobre bens inmobles, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.

Quinto.- *Que se expoña ó público o procedemento por prazo de vinte días no taboleiro de edictos do concello e no Boletín Oficial da Provincia para reclamacións que serán resoltas pola Corporación.*

Sexto.- *Dar conta do expediente de cesión á Dirección Xeral de Administración Local.*

Non obstante o Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 17 de setembro de 2009=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro do PP, e pregunta: ¿que pasa co persoal non sanitario?, xa que creo que hai unha persoa no Centro de Guísamo.

Sra. alcaldesa: O Sergas, loxicamente, terá que asumir esas funcións e poñer da súa xente nese sitio. O persoal do concello pasará a formar parte de reorganización de postos de traballo que se está a facer.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

3.- ASUNTOS URXENTES

Seguidamente a Sra. alcaldesa, de acordo co previsto no artigo 91.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), pregunta aos voceiros dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a esta convocatoria.

O grupo municipal do BNG, presentou unha moción no Rexistro Xeral o día 23 de setembro co núm. 7248, o Sr. voceiro, D. Manuel Parga Fernández, xustifica a súa urxencia na próxima chegada do inverno, e, as choivas son un dos elementos que provocan as inundacións e problemas no lugar de Miodelo.

O Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelos.

3.1.- MOCIÓN SOBRE A REXENERACIÓN AMBIENTAL NO LUGAR DE MIODELO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A estas alturas todos somos conscientes dos problemas que existen no lugar de Miodelo, lugar onde se concentran de xeito significativo problemas ambientais e infraestructuras dende hai varios anos.

Para a solución dos problemas o primeiro é identificalos, proceder á súa diagnose, e posteriormente definir as actuacións que corrixan estes problemas, propoñendo a dotación de recursos e prazos realistas para a súa execución.

No caso que nos ocupa identifícanse os seguintes problemas prioritarios:

- Saneamento:

Cando chove cunha certa intensidade a auga rebosa polos rexistros inundando de augas suxas vías públicas, lavadoiro e incluso vivendas.

- Verquidos:

Con gran frecuencia os veciños de Miodelo veñen denunciando verquidos ao rioque provocan contaminación, suciedade e cheiro.

- Autopista AP9:

Esta infraestrutura provoca molestias aos veciños e veciñas de Miodelo por dous aspectos fundamentais que son os ruídos e a suciedade existente debaixo do viaducto. Pódese incluír tamén a recollida de augas pluviais.

Unha vez identificados estes problemas é o noso deber tratar de procurar solucións que melloren a calidade de vida dos veciños e a calidade ambiental do lugar que forma parte dun Lugar de Interés Comunitario (LIC) e o comezo dunha ruta de senderismo financiada con fondos de Agader.

Por todos estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita a aprobación polo Pleno da Corporación do seguinte

ACORDO

- Encargar á empresa concesionaria dos servizos de saneamento e suministro de auga no concello de Bergondo, Aquagest, a determinación dos factores que causan o mal funcionamento da rede de sumidoiros do saneamento neste lugar, para posteriormente propoñer as solucións indicadas para estes problemas. Dispoñer dos recursos precisos, técnicos e económicos para elo.

- Solicitar por parte da Alcaldesa, unha xuntanza coas autoridades competentes autonómicas, Consellería de Medio Ambiente, (Augas de Galicia), para plantexarlle os problemas dos verquidos esixindo finalmente a súa eliminación, mediante a vixilancia e control exhaustivos e se fose o caso as sancións que prevea a lexislación ambiental.

- Reclamar á empresa concesionaria da AP 9, que cumpra coas súas obrigas de limpeza e mantemento dos marxes da autoestrada, e solicitarlle a realización do acondicionamento da recollida de pluviais.

- Iniciar as xestións co Ministerio de Fomento encamiñadas a coñecer o estado de desenvolvemento do Plan Nacional Antirruídos (PAR), que prevee a implantación de medidas correctivas, cambio de pavimento, ou pantallas antirruídos, naqueles lugares onde se superen os límites legais establecidos de ruídos, e solicitar actuacións na AP9 ao seu paso polo termo municipal de Bergondo.

- Non obstante o Pleno acordará o que considere oportuno.

Ado. Manuel Parga Fernández. Portavoz do Grupo Municipal do BNG.

Bergondo, 22 de setembro de 2009.”

Toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández e di: creo que fai falta dicir mais nada, os problemas coñecémolos todos, o que temos que poñer son os remedios para que eses problemas non sigan afectando ós veciños de Miodelo . Eu engadiría unha proposta que no Pleno anterior presentou o voceiro de Veciños de Bergondo, é a construción dun paso de peóns. Tamén rogaríalle ó concello que retirase o escombros que ten depositado debaixo da autopista.

Sra. alcaldesa: por parte do partido socialista, non imos apoiar a moción en base a que o que se propón xa se está levando a cabo. A empresa concesionaria Aquagest xa ten encargado facer ese estudo, de feito xa o está facendo; proximamente nos presentará as conclusións; están revisando todas as conexións para ver se hai que facer un separativo de pluviais. Vostedes o din agora pero nós xa levabamos tempo traballando neste tema.

Xa lle reclamou tamén a Autopistas que limpara, en febreiro de 2009 se lles enviou un escrito e limparon, volvería a medrar agora no verán, pero si limparon.

Respecto ás pantallas antirruídos, os veciños de Miodelo xa viñeron a falar coa Alcaldía e xa se solicitou por escrito, é certo tamén que ó día de hoxe non temos resposta.

Tómolle como rogo que si se teña que retirar o escombros, aí ou en calquera lado. Pero lle repito que, en base a que algúns destes puntos xa se están tramitando, non hai motivo para aprobar esta moción, polo menos por parte do partido socialista.

Sr. voceiro do BNG: alégrome de que o concello teña tomado xa iniciativas neste sentido, pero nós o que vimos notando nos veciños de Miodelo é que varias veces xa viñeron ó concello pero non ven resultados, e pensamos que non é incompatible unha cousa coa outra. Non vexo porque aínda que estean eses trámites comezados, non se poida aprobar igual a moción.

Sra. alcaldesa: porque vostede está instando a esta Alcaldía a que faga algo que xa fixo. Hai outros que traballamos facendo menos ruído, pero imos facendo os deberes pouco a pouco.

Sr. voceiro do BNG: pero iso non se aprobou e ningún Pleno, nós queremos que se aprobe para que quede constancia, para que esas cousas se fagan.

Sra. alcaldesa: non se aprobou e ningún Pleno e a pesares diso se está a facer. Vostedes o que queren é que quede constancia de que o BNG foi o promotor e o que propuxo isto.

Sr. voceiro do BNG: non, de que esas cousas se van facer.

Sra. alcaldesa: e que xa se fixeron, vostede me di, que se lle reclame á empresa da AP-9, é que xa se lle reclamou; que se inicie co Ministerio de Fomento o do Plan Nacional Antirruídos, e que xa se iniciou. O que non lle podo contestar son as medidas que se van tomar, porque aínda non se contestou. Si vostedes me din que llo volva a recordar, pois vale, pero é que aínda non hai tanto tempo.

Sr. voceiro do BNG: en calquera caso, unha aprobación polo Pleno daríalle mais forza a esas peticións e non vexo ningún inconveniente para que se faga.

Toma a palabra o Sr. voceiro do PP, José Eduardo Zapata Roel, e di: nós imos votar a favor da moción, en base ó criterio que manifesta o Bloque, como recordatorio á Corporación de que hai que solucionar este problema, e non solo se soluciona con pantallas acústicas, senón con actuacións. Tamén pensamos que hai que ter unha actuación conxunta con Medio Ambiente e con Augas de Galicia, xa que a canle do río hai que limpallo, xa que se o río esta sucio e cheo de maleza non discorrerá a auga coa suficiente forza no caso de que haxa crecidas.

A continuación toma a palabra a Sra. voceira suplente de Veciños de Bergondo, Loreto Caseiras Arroyo, e di: xa non só polo que se acaba de dicir, e que pasamos o tempo reiterando, repetindo; hai cousas que se fan, pero hai outras que non se ven, e se son sinxelas deben verse.

A continuación procedese á **votación** da **Moción** presentada polo grupo municipal do BNG, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: seis (6) votos en contra; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: un (1) voto a favor; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) votos a favor.

Total: seis (6) votos en contra e seis (6) a favor.

En consecuencia, declárase non aprobada por maioría de votos a favor, co voto de calidade da Sra. alcaldesa, a Moción presentada polo grupo municipal do BNG.

4.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 27 de xullo ata o 21 de setembro de 2009, numerados do 651/2009 ó 795/2009. O Pleno queda enterado.

5.-ROGOS E PREGUNTAS

O Grupo municipal do PP, presentou os seus rogos e preguntas o día 24 de setembro, co núm. do rexistro de entrada: 7297. O Sr. voceiro do dito grupo pasa seguidamente a formulalos; son os seguintes:

ROGOS:

1.- Convocar con urgencia y según lo acordado en Pleno, una reunión de la Comisión de Urbanismo.

Sr. voceiro do PP: todos os grupos políticos temos interese polo Plan Xeral de Urbanismo, non solo os Grupos, senón todos os veciños de Bergondo, e que se faga canto antes unha reunión para informarnos do que está a facer e se leva feito do Plan, pois é necesaria e urxente.

2.- Limpieza de las carreteras.

3.- Colocación de un punto de luz en el camino de bajada al campo de fútbol de Cortiñán.

Sr. voceiro do PP: realmente non é colocación é o arranxo dese punto de luz que leva meses estropeado.

4.- Acondicionamiento de las pistas deportivas.

5.- Sellado del Tejo.

Sr. voceiro do PP: está na urbanización de Baldomir, xa o trouxemos noutras ocasións, estase deteriorando polo corte das ramas y non se selaron nos cortes. Esta arbore é a mais antiga de Bergondo, e probablemente de Galicia.

6.- Colocación de una senda peatonal debajo del puente de Cortiñán.

7.- Colocación de un punto de luz y arreglo del camino (Obra de Paño-Granja).

PREGUNTAS:

1.- Situación del proyecto para la seguridad vial en la N.VI, sigue habiendo un índice altísimo de siniestralidad y ya hace varios meses que se habían reunido con Fomento para buscar soluciones. Se había acordado en un Pleno que si en dos meses no le daban una solución, la alcaldesa se comprometía a pedir otra reunión.

Sra. alcaldesa: o que sabemos é que os proxectos foron enviados a Madrid, tanto o de mellora dos accesos, como o de reforzo do firme. Están en espera de contestación e, sobre todo, de partida presupuestaria. Contabamos que entrara en vigor este ano, o non ser así, se conta que sexa co Orzamento do ano 2010. O proxecto se vai facer, xa que como informamos, é un proxecto que ven por toda a N-VI ata Coirós.

Sr. voceiro do PP: pero prazos non temos.

Sra. alcaldesa: non.

2.- Situación de la depuradora de Gandarío.

Sra. alcaldesa: a obra aínda non sabemos cando se vai realizar, pero despois dunha conversa mantida con Augas de Galicia, xa se nos dixo que remitísemos o listado de expropiacións para engadilo ó proxecto.

Sr. voceiro do PP: co cal entendo que as expropiacións non as fará o concello.

Sra. alcaldesa: si, as fará o concello pero a entidade expropiante será a Xunta.

3.- ¿Se ha buscado una solución a la falta de visibilidad en la salida C/Moruxo para su incorporación a la carretera principal?.

Sra. alcaldesa: esa carretera é a que vai amañar a Deputación, e con ancho que lle vai dar xa se entende que vai se suficiente.

Sr. voceiro do PP: ¿e cando a vai amañar?.

Sra. alcaldesa: o concello xa pagou a parte que lle correspondía das expropiacións, unha vez que a Deputación pague ós expropiados, e sabemos que xa se está en trámite no Departamento Intervención da Deputación, pois en, aproximadamente, tres meses iniciarán o expediente de contratación.

Sr. voceiro do PP: ¿e a de Sampaio?

Sra. alcaldesa: desa non hai aínda data.

Sr. voceiro do PP: pero, ¿que problema ten?

Sra. alcaldesa: o tema das expropiacións ou non, e esa posible donación por parte dos veciños para axilizar os trámites.

4.- Carreteras de Moruxo a San Paio ¿Cuando se tiene previsto que se empiecen a ejecutar las obras?.
Está xa contestada.

5.- En materia de educación ¿Qué solución se está buscando en relación a la creación de más guarderías en nuestro concello?.

Sr. voceiro do PP: díxéranos que o próximo centro que se ía crear no Polígono tería gardería pero non lle vemos trazas de iso siga adiante.

Sra. alcaldesa: ese era un proxecto que había no seu momento, pero xa non leva gardería; en todo caso era un tema privado. Sempre hai esa posibilidade, de que haxa unha gardería privada.

De todas formas a demanda actual no concello, pola gardería actual, non daría como para outro centro, actualmente. Xa dixemos varias veces que a solución que se ve é a da unificación das escolas unitarias, pero non a curto prazo.

6.- Desde el Partido Popular se había pedido por registro y en Pleno, un estudio para la realización de un paseo marítimo entre Gandarío y Sada. ¿Se ha puesto en marcha?.

Sra. alcaldesa: en conversas coa Demarcación de Costas, está feita esa petición. Como xa saíu fai pouco en prensa, dende a parte de Sada tamén se está a estudar este tema, e, é mais viable. Seguramente ata o albergue da Mariña será a primeira fase, a segunda aínda non está feito o proxecto por parte de Costas, ten bastante mais dificultade e non será inmediato.

7.- ¿Quién va a ser el responsable de gestionar el censo de perros?.

Sra. alcaldesa: o departamento de Sanidade, na Concellería de Benestar Social.

8.- *Tren de alta velocidade. Situación actual.*

Sra. alcaldesa: dende que se enviou o informe, do que se deu conta ó Pleno, non hai ningunha comunicación mais, nin de consellerías nin do ministerio.

A continuación toma a palabra a Sra. voceira suplente de VB, M.^a Loreto Caseiras Arroyo e di: en primeiro lugar pedir disculpas pola falta de tempo con que presentaron as preguntas, pero como entendemos que son reiteracións, esperamos obter unha resposta ou algún dato concreto que logo se faga realidade, como dixemos antes.

1.^a ¿porque non se limpan as fontes de Carrio, a de San Fiz co seu lavadoiro?, cando se nos dixo no último pleno que se ía contratar persoal para estas funcións.

Sra. alcaldesa: non é que soamente se contratara para estas funcións, para isto e moito mais, de feito ese persoal acaba o contrato xa neste mes. Non é que non sexa prioritario limpar as fontes pero ó final se van acumulando os traballos. Non lle podo dar unha data, pero si se fará.

Sra. voceira suplente de VB: fai aproximadamente un ano, amañouse, e quedou moi ben, o lavadoiro de Miodelo. Xa daquela se nos dixo que lle tocaba xa, a San Fiz. ¿quere dicir que nun ano non se fixo mais?.

Sr. concelleiro de Urbanismo, Infraestruturas, Vías e Obras, Francisco Mata Buyo: ¿a cal se refire en S. Fiz? Porque amañouse, incluso o lavadoiro.

Sra. voceira suplente de VB: é en San Vitorio, que hai unha fonte de cantería.

Sr. concelleiro: á de Carrio, púxoselle este ano a cuberta nova e se reparou toda.

Sra. voceira suplente de VB: será outra fonte, comprobáremolo. ¿podemos ter algún compromiso?

Sra. alcaldesa: os compromisos son firmes, pero sen datas. Como vostede ve, si se estiveron limpando outras fontes, a proba está aí.

2.^a Os pasos de peóns da, ¿é competencia nosa pintalos?.

Sra. alcaldesa: xa se dixo no seu momento que se lle pediu autorización a Xunta.

Sra. voceira suplente de VB: ¿aínda non está dada?. ¿é tamén para repintalos?, non para poñer un novo.

Sra. alcaldesa: si tamén repintalos, e, en todo caso, non é unha estrada nosa terían que facelo eles, pero o faríamos nós coa autorización.

3.^a- As marquesiñas tamén, ¿estamos pendentes de algo?.

Sra. alcaldesa: estamos pendentes dos orzamentos. O concelleiro tamén fixo unha revisión de varias marquesiñas no termo municipal. Agora co comezo do curso víronse mais as deficiencias de algunhas delas.

Sra. voceira suplente de VB: non poderíamos pensar outra solución que non sexa eses cristais, ou metacrilato, que aínda que non rompen estalan. ¿non haberá outro sistema?.

Sra. alcaldesa: pero son opacos e menos seguros.

Sra. voceira suplente de VB: haberá que valorar o que é primordial, a seguridade ou a visibilidade.

4.^a Os espellos antivandálicos, repuxéronse algúns, pero non todos. ¿vanse instalar?

Sr. concelleiro de Servizos Xerais e Industria, Jesús Vázquez García: estannos roubando todos, lévanos completos, pau cemento e todo, van sete roubados completos. Haberá que parar de poñelos, ou non sei que imos facer.

Sra. voceira suplente de VB: ¿son sempre os mesmos?

Sr. concelleiro de Servizos Xerais e Industria: non, leváronos na zona de San Fiz, na zona de Moruxo. Estamos falando de cada quince días repoñer algún, e teñen un custo elevado.

O Grupo municipal do BNG presentou unha pregunta o día 23 de setembro, co núm. do rexistro de entrada: 7249. O Sr. voceiro do dito grupo, Manuel Parga Fernández, pasa seguidamente a formulala; é a seguinte:

1) ¿Qué ten pensado facer o goberno local ante a ocupación dun camiño público no lugar da Fraga, Cortiñán?

Sra. alcaldesa: aínda non esta tomada ningunha decisión, xa que estamos a espera dun informe técnico, xa que nalgúns planos nin sequera figura o camiño; por iso estamos á espera do informe detallado polo técnico e, incluso, se investigue un deslinde que houbo anos atrás, coa anterior Corporación

Sr. voceiro do BNG: na primeira Corporación democrática, a do 79 ó 83, sendo alcalde José Carabel, xa había problemas coa definición de cales eran camiños veciñais e cales non; en base a iso, fíxose un plano cos camiños veciñais recoñecidos no concello, fíxose a partir dos planos escala 1:25.000 do exercito, téño eu aquí e se queredes copia dóuvola sen problema. Aquí figuran os camiños que naquela Corporación se aprobaron como veciñais, e ese figura como camiño veciñal.

Sra. alcaldesa: o arquitecto municipal estivo estes días mirando, e no catastro do 57 parece que figura como camiño veciñal, pero noutros planos posteriores xa non figura.

Sr. concelleiro de Urbanismo: ese plano xa o ten o arquitecto municipal.

Sr. concelleiro do BNG, Antón Sánchez García: no das Normas do 92, que hai colgado en Internet, o mapa de camiños e carreteras, tamén aparece.

Sr. concelleiro de Urbanismo: falouse con algúns veciños e din que, efectivamente, recordan ese camiño, pero antes de facerse a vía do tren.

Sr. voceiro do BNG: este plano é de despois de facerse o tren.

Sr. concelleiro de Urbanismo: pero o camiño remata na vía, se quere continuar hai que cruzar a vía.

Sr. concelleiro do BNG: non, o camiño segue pola parte de Betanzos ata a igrexa de Piadela, e está asfaltado pola parte de Betanzos; os veciños din que pasaba por enriba da vía cara a carretera que ven cara a Montellos, atravesaa e en Betanzos está asfaltado. Tal como aparece nestes planos, non ten dúbida. A nós nos vale se hai vontade de averigalo.

Sra. alcaldesa: por suposto

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e cinco minutos, remátase a sesión, por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, a secretaria accidental, dou fe.

A secretaria accidental

V. e Pr.:

A alcaldesa

Aurelia M.^a Basanta García

Alejandra Pérez Máquez